Achégase padrón/s, en formato dixital, das **Taxas e Prezos Públicos** que máis adiante se detallan, correspondentes ao **CONCELLO DE CAMBADOS,** pregando a súa exposición nese Concello durante o prazo indicado no anuncio de exposición pública e cobranza que tamén se achega, isto é, **do 04 de maio ata o 01 de xuño de 2018, ámbolos dous inclusive**, así como o envío do referido anuncio aos alcaldes de barrio do municipio a fin de que os publiquen nos lugares de costume nas respectivas parroquias.

| CONCEPTO/S | Período/exercicio |
|---|---|
| Entrada de Vehículos, Letreiros, Escaparates, Vados, Elementos de Construción Pechados, Balcóns, Terrazas e Marquesiñas, Toldos, Paraventos e semellantes | 2º Cuadrimestre 2018 |
| Caixeiros Automáticos, Licencia de Taxi, Ocupación Vía Pública e Quioscos | 2017 |
| Recollida Lixo | 2º Cuadrimestre 2018 |

Prégolle, ó mesmo tempo, en cumprimento do disposto no artigo 24 do vixente Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo), que ordene a publicación do anuncio no taboleiro de editos da Casa do Concello e a súa remisión ó remate do período voluntario de cobranza, con dilixencia de ter sido exposto, á Tesourería da Deputación Provincial - ORAL.

Pontevedra, 23 de abril do 2018
O tesoureiro,

ORAL XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
TESOURERÍA

Miguel Ángel Santirso Fernández

CAMBADOS
REXISTRO ENTRADA
2018-E-RC-2346
27/04/2018 14:33

P.D.:

- Lembrámoslle que é posible tamén acceder aos datos do padrón, pola/s persoa/s autorizada/s a través da páxina web http://doc.oral.depo.gal
- Estamos a súa disposición para calquera actuación, axuda técnica, etc., que puidesen precisar.

**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE CAMBADOS**

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA ORAL XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL

# ANUNCIO
# CONCELLO DE CAMBADOS

**EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA EN VOLUNTARIA DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS POR:**
**Entrada de Vehículos, Letreiros, Escaparates, Vados, Elementos de Construción Pechados, Balcóns, Terrazas e Marquesiñas, Toldos, Paraventos e semellantes do 2º Cuadrimestre 2018.**
**Caixeiros Automáticos, Licencia de Taxi, Ocupación Vía Pública e Quioscos do 2017.**
**e**
**Recollida Lixo do 2º Cuadrimestre 2018.**

Aprobados pola Tesourería da Deputación Provincial de Pontevedra – ORAL os padróns das Taxas e Prezos Públicos detallados no encabezamento, poranse ó dispor do público no **Concello de CAMBADOS**, dende o día **04 de maio ao 01 de xuño de 2018, ambas as datas incluídas**, podendo os interesados examinalos durante o dito período e, no seu caso, presentar no prazo dun mes dende o **04 de xuño de 2018**, recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo perante a Tesourería do ORAL – Deputación Provincial de Pontevedra (artigo 24 de Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais –ORAL- da Deputación de Pontevedra, BOP de Pontevedra de 30/04/2013, e artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais). Contra a repercusión, no seu caso, do canon da auga ou saneamento e coeficiente de vertedura da Xunta de Galicia, poderá interpoñerse reclamación económica-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende o **04 de xuño de 2018.**

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

De conformidade co previsto no artigo 25 da Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais – ORAL, en relación co artigo 62.3 da Lei 58/2003 xeral tributaria e cos artigos 23, 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, de 29 de xullo de 2005, comunícaselles ós contribuíntes afectados que **o período voluntario de cobranza das Taxas e Prezos Públicos indicadas**, para o **Concello de CAMBADOS**, será do **04 de maio ao 04 de xullo de 2018**, ámbalas dúas datas inclusive, **rematando o día 04 de xullo de 2018.**

**As Taxas poderán satisfacerse a través de calquera entidade bancaria colaboradora, na Oficina Virtual Tributaria (OVT) do ORAL (http://oral.depo.es/) ou a través de calquera modo autorizado legalmente, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.** No caso de perda do devandito instrumento o obrigado ó pagamento poderá, **ata o día 04 de xullo de 2018**, obter un duplicado nos Servizos Centrais - Servizo de Recadación (Avda. de Marín, 9-11. Telf. 986 859 993. - 36071 Pontevedra) ou na Oficina Periférica máis próxima ó seu domicilio.

**Os contribuíntes que o día 15 de xuño de 2018** non recibiran nos seus domicilios os instrumentos de ingreso **disporán de prazo ata o 04 de xullo de 2018** para os solicitar na oficina indicada e efectuaren o pagamento nas entidades bancarias colaboradoras, posto que **a non recepción non exonera da obriga do pagamento nin impide a utilización da vía de prema.**

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles, tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria. Dito procedemento executivo, no caso do canón da auga ou saneamento ou coeficiente de vertedura será levado a cabo pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

ORAL XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL

Pontevedra, 23 de abril do 2018
O tesoureiro,

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Miguel Ángel Santirso Fernández

TESOURERÍA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA ORAL XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA Data Rexistro: 25/04/2018 13:13:32 Nº Rexistro: 2018007710 SAÍDA

Polo presente remítese, para a súa exposición pública durante 15 días naturais a partir do seguinte á publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a *Matrícula do Censo de Contribuíntes obrigados ó pago do I.A.E. (inclúe actividades suxeitas e exentas destes contribuíntes)* correspondente ó exercicio 2018, facilitada a este Organismo pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Ó mesmo tempo, prégase ordene a publicación do Anuncio que se remite no taboleiro de editos da Casa do Concello e a súa posterior remisión, con dilixencia de ter sido exposto, á Tesourería da Deputación de Pontevedra - ORAL.

A referida Matrícula, así como o *Censo de NON Obrigados ó pago do I.A.E.,* ademais de no CD-Rom que se achega, están a disposición das persoas autorizadas do Concello en formato ACCESS, EXCEL e PDF (ordenado por tipo de cotas, seccións, divisións, agrupacións, grupos e epígrafes) na web de intercambio de documentos http://doc.oral.depo.es.

Sen máis motivo, reciban un cordial saúdo,

Pontevedra, 25 de abril de 2018.
O TESOUREIRO,

ORAL XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
TESOURERÍA

Asdo.: Miguel Ángel Santirso Fernández

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE **CAMBADOS**

# ANUNCIO

## EXPOSICIÓN PÚBLICA DA MATRÍCULA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DO 2018

De conformidade co artigo 90 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a matrícula do **Imposto sobre Actividades Económicas do exercicio do 2018** exponse ao público nos Concellos, que máis adiante se relacionan, **durante 15 días naturais dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio.**

Contra os actos de inclusión dun suxeito na matrícula, así como a súa exclusión ou alteración de calquera dos datos que deben constar na mesma, os interesados poderán interpor no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ó do remate do período de exposición pública, recurso de reposición perante o órgano da Administración Tributaria do Estado competente ou reclamación económica-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia no mesmo prazo, sen que poidan interpoñerse simultaneamente ámbolos recursos (art. 91 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 4 do Real Decreto 243/1995, de 17 de febreiro).

| | |
|---|---|
| ARBO | MORAÑA |
| BARRO | MOS |
| BAIONA | NEVES, AS |
| CALDAS DE REIS | OIA |
| CAMBADOS | PAZOS DE BORBÉN |
| CAMPO LAMEIRO | POIO |
| CANGAS | PONTEAREAS |
| CAÑIZA, A | PONTE-CALDELAS |
| CATOIRA | PONTECESURES |
| CERDEDO - COTOBADE | PORRIÑO, O |
| COVELO | PORTAS |
| CRECENTE | RODEIRO |
| CUNTIS | ROSAL, O |
| DOZÓN | SALCEDA DE CASELAS |
| ESTRADA, A | SALVATERRA DE MIÑO |
| AGOLADA | SANXENXO |
| GONDOMAR | SILLEDA |
| LALÍN | SOUTOMAIOR |
| LAMA, A | TOMIÑO |
| MEAÑO | TUI |
| MEIS | VALGA |
| MOAÑA | VILABOA |
| MONDARIZ | VILA DE CRUCES |
| MONDARIZ-BALNEARIO | VILANOVA DE AROUSA |

Pontevedra, 20 de abril de 2018
O tesoureiro,

ORAL XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
TESOURERÍA

Miguel Ángel Santirso Fernández

| | | |
|---|---|---|
| CAMBADOS | 2º Cuadrimestre 2018 | Entrada de Vehículos, Letreiros, Escaparates, Vados, Elementos de Construción Pechados, Balcóns, Terrazas e Marquesiñas, Toldos, Paraventos e semellantes |
| | 2017 | Caixeiros Automáticos, Licencia de Taxi, Ocupación Vía Pública e Quioscos |
| | 2º Cuadrimestre 2018 | Recollida Lixo |

- MATRICULA DEL IAE -